

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 29 DE ABRIL DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Comisión Galega de Delimitación Territorial

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada PO-424 (Cumiar (PO-402)-Cumiar) en toda a súa lonxitude entre o punto quilométrico 0+000 e o punto quilométrico: 0+400, a prol do Concello de Ponteareas

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se configura e introduce a especialidade en documentación Sanitaria na categoría de técnico especialista do Servizo Galego de Saúde

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pontevedra para a construción do novo edificio xudicial.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Cañiza para a realización das obras de adecuación e mellora de servizos urbanísticos en varios espazos do núcleo urbano da Cañiza, por importe de cento noventa e dous mil novecentos oitenta e catro euros con noventa e oito céntimos (192.984,98 €)

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribadumia para a execución da obra do Proxecto de saneamento na parroquia de Lois.1ª fase. Ribadumia (Pontevedra), clave OH.336.892, por un importe de trescentos noventa e catro mil trescentos seis euros con oitenta e oito céntimos (394.306,88 €)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara o proxecto Liña de interconexión do parque eólico de Punta Maeda (concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña) e O Vicedo e Orol (Lugo)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos dun aval por importe máximo de douscentos mil euros (200.000,00 euros) a *Comercialización Carne Gallega, S.L.*, expediente nº AV/0589
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e exceptuar a solicitante da achega de garantías reais suficientes na concesión dun aval por importe máximo dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 euros), a *Dygra Films, SL*, expediente nº AV/0597
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade, a exceptuar a achega de garantías reais e superar o prazo máximo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval por importe máximo dun millón novecientos vinte e cinco mil euros (1.925.000,00 euros) a *Tex Digital, S.L.*, expediente N° AV/0400
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Confederación de Empresarios de Galicia para o financiamento de actuacións no marco da *Enterprise Europe Network*, por importe de douscentos setenta e dous mil novecientos corenta e cinco euros (272.945,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Confederación de Empresarios de Galicia para o fomento da internacionalización dos operadores económicos galegos no ámbito da prestación de servizos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en contía superior ao 10% do importe da subvención no momento da súa concesión, de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público Estatal de Emprego dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2010.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Xunta de Galicia para a creación dun Centro Público Demostrador TIC en Galicia, por un importe de dous millóns setecentos vinte mil oitocentos setenta e cinco euros con setenta e un céntimos (2.720.875,71€)

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda para a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado o 14 de xullo de 2009 entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña co obxecto de ampliar e prorrogar o plan de recuperación produtiva da ría do Burgo ata o 31 de agosto de 2010
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha primeira addenda ao convenio de colaboración coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre para a execución do proxecto de recuperación da ría de Ferrol (bancos intermareais)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre para a execución do proxecto de recuperación da ría de Ferrol (bancos submareais)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha primeira addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Mugardos para a execución do proxecto de recuperación dos bancos intermareais

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha primeira addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda pola que se prorroga ata o 31 de agosto de 2010 o convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Pontedeume para a mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda pola que se prorroga ata o 31 de agosto de 2010 o convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a *A/E Lonxa de Campelo* para estabilización produtiva da ría de Pontevedra
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de segunda prórroga do contrato de xestión do servizo público de Gardacostas de Galicia prestado a través de medios marítimos

**INFORMES****CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe Plan Estratéxico 2010-2014. Presentación do resumo executivo.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre ampliación efectos Orde suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica que adopten

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o portal electrónico de xestión de solicitudes da tarxeta sanitaria Galicia Saúde Exterior
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación, polo procedemento de emerxencia, do expediente de contratación de obras e servizos para a reforma da área cirúrxica na planta primeira do Hospital Provincial de Pontevedra", por un importe aproximado dun millón setecentos corenta e un mil seiscentos cincuenta euros con corenta e un céntimos (1.741.650, 41)

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre ocupación hoteleira en marzo de 2010

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O CONSELLO APROBA O DECRETO QUE REGULA A COMISIÓN DE DELIMITACIÓN TERRITORIAL DE GALICIA**

- *Estará presidida polo conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, e vicepresidida polo director xeral de Administración Local, Norberto Uzal*
- *O órgano encárgase do estudo, consulta e proposta en relación coas materias que atinxen a determinación, revisión e modificación dos límites territoriais das entidades locais e das demarcacións da Administración galega*

O Consello da Xunta aprobou un decreto polo que se regulan as funcións, organización e funcionamento da Comisión Galega de Delimitación Territorial, entidade adscrita orgánica e funcionalmente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que é a competente en materia de réxime local.

Esta comisión é o órgano encargado do estudo, consulta e proposta en relación coas materias que atinxen a determinación, revisión e modificación dos límites territoriais das entidades locais galegas e das demarcacións en que se estrutura a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as súas funcións atópase a emisión de informes sobre todos os expedientes de alteración de límites municipais e cambio de capitalidade, así como dos procedementos de demarcación e deslindamento dos termos municipais, que se deriven de conflitos formulados entre os municipios adoptados. A comisión tamén se encargará de elaborar as iniciativas de corrección de disfuncionalidades territoriais e estudar e ditaminar as alegacións e informes presentados sobre o Mapa Municipal de Galicia, antes da súa elevación ao Consello para a súa aprobación definitiva.

Ademais, esta comisión tamén será encargada de elaborar, por pedimento do Consello da Xunta, os estudos e propostas de revisión relacionadas coa facultade da Xunta de Galicia de establecer medidas de fomento para a fusión de municipios ou a incorporación voluntaria a outros. Entre estas medidas atoparíanse axudas económicas e técnicas, o establecemento de criterios prioritarios ou especiais na asignación de subvencións finalistas e a creación dun fondo especial.

Segundo o texto, a entidade estará composta por catro persoas en representación do Goberno galego e outras catro das entidades locais galegas, estas últimas elixidas pola Fegamp. O presidente será o titular da consellería con competencia en réxime local, Alfonso Rueda; e o vicepresidente, o director xeral desta materia, Norberto Uzal. Tamén formarán parte da comisión os directores xerais competentes en urbanismo e desenvolvemento rural, así como un subdirector da Dirección Xeral de Administración Local, que actuará como secretario. En último caso, poderán formar parte desta comisión institucións públicas ou privadas con especial incidencia na organización territorial de Galicia e certos expertos, cando o decida a presidencia; ambos os colectivos contarán con voz pero sen voto.



## A XUNTA DE GALICIA APROBA O TRASPASO DA ESTRADA DE CUMIAR NO MUNICIPIO PONTEVEDRÉS DE PONTEAREAS A FAVOR DO CONCELLO

- *Esta vía é en realidade un camiño veciñal, cun largo de calzada de menos de 4 metros e unha lonxitude total de 400 metros*
- *A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega*
- *Os cambios de titularidade deben ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do departamento competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións intervinientes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa reunión semanal o traspaso da estrada PO-424, Cumiari (PO-402)-Cumiari, situada no municipio de Ponteareas, en favor deste concello pontevedrés. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, departamento encargado de levar a cabo este tipo actuacións, decidiu estudar e aprobar esta proposta despois do informe favorable emitido polo Servizo de Explotación.

Esta vía é en realidade un camiño veciñal, cun largo de calzada de menos de 4 metros e unha lonxitude total de 400 metros. Esta estrada dá acceso aos núcleos de poboación de Carballas e Santa Cruz, dentro da parroquia de Cumiari.

### Condicións legais

O artigo 5 da Lei de estradas de Galicia (4/1994) establece que os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta do departamento competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións intervinientes.


Tendo en conta a lexislación vixente de aplicación nesta materia e visto o informe favorable do Servizo de Explotación e coa información contida nel, esta subdirección seral considerou que a citada estrada adquiriu características que a fan susceptible de cesión.

Cómpre sinalar que é obriga deste concello pontevedrés todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova administración titular das estradas.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Con estas actuacións, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende mellorar a calidade de vida dos cidadáns, xa que a vía xa adquiriu características netamente urbanas.





## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CREA A ESPECIALIDADE EN DOCUMENTACIÓN SANITARIA DENTRO DA CATEGORÍA DE TÉCNICO ESPECIALISTA

- *Para tal efecto aprobouse un proxecto de decreto*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un Decreto polo que se configura e introduce a especialidade en Documentación Sanitaria na categoría de técnico especialista do Servizo Galego de Saúde.

No tempo transcorrido desde a creación do Sergas producíronse importantes cambios na atención sanitaria prestada nas súas institucións. O dereito á protección da saúde consagrado no artigo 43 da Constitución require dos poderes públicos unha constante adaptación das estruturas sanitarias ás novas necesidades, e a incorporación a ditas estruturas, cando sexa procedente, de persoal cunha formación profesional específica para a realización de determinadas funcións.

Nos últimos anos obsérvase un incremento considerable da demanda asistencial na atención especializada e na atención primaria, tanto en hospitalización coma nas consultas e en urxencias. Tendo en conta o sinalado, veñen funcionando nos centros sanitarios os servizos de Admisión e Documentación Clínica, encargados da organización e tratamento da información e documentación clínica e a súa codificación.

Para a súa correcta xestión operativa, o departamento que dirixe Pilar Farjas considera adecuada a incorporación de persoal formado especificamente para a realización de funcións de xestión e organización da documentación sanitaria, así como de avaliación e control de calidade nesa materia; isto sen prexuízo de que concorran no desempeño destas actividades e funcións con outras categorías de persoal sanitario e de xestión e servizos.

Preténdese, pois, incorporar persoal técnico especialista que, baixo a supervisión correspondente, colabore en definir e organizar procesos de tratamento da información e da documentación clínica, codificándoa e garantindo o cumprimento das normas da Administración sanitaria e dos sistemas de clasificación e codificación internacionais.

A creación da nova especialidade dentro da categoría de técnicos especialistas responde ao consenso existente na Mesa Sectorial de Negociación respecto á necesidade de promover a incorporación de profesionais da área sanitaria con novas titulacións aos cadros de persoal das institucións sanitarias.

Para o acceso á especialidade de Documentación Sanitaria será requisito indispensable estar en posesión do título de técnico superior en Documentación Sanitaria (formación profesional da área sanitaria).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Funcións**

Segundo o proxecto de decreto, corresponde ao persoal técnico especialista en Documentación Sanitaria a función, baixo a dirección do médico de Admisión e Documentación Clínica, de colaborar na organización e xestión dos arquivos de documentación e historias clínicas e na avaliación do proceso de tratamento da información e a documentación clínica.

Serán, tamén, funcións destes profesionais identificar, extraer e codificar os datos da documentación sanitaria no ámbito do servizo de Admisión e Documentación Clínica; validar e explotar a información do conxunto mínimo básico de datos mediante ferramentas estatísticas, epidemiolóxicas e de control de calidade; e, ademais, participar na posta a punto de novas técnicas, en proxectos de investigación e en programas formativos, así como propoñer medidas relacionadas coa eficiencia e seguridade.

Por último, cómpre sinalar que lle correspondería ao Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e control da Consellería de Sanidade, determinar o número de efectivos de persoal da nova especialidade que poden prestar servizos con carácter estrutural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN ENTRE PRESIDENCIA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL NA CIDADE**

- ***A Consellería de Presidencia investirá 15 millóns de euros na súa construción, unha vez que o concello lle ceda a parcela correspondente na Parda***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde esta mañá á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Pontevedra para a construción dun novo edificio xudicial que complementa o actual edificio dos xulgados. O obxectivo desta nova construción, prevista xa no Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015, é construír un edificio adecuado para as necesidades de infraestruturas xudiciais nos próximos 25 anos.

Segundo recolle o texto, o concello pontevedrés comprométese a ceder gratuitamente e libre de cargas á Xunta unha parcela de aproximadamente 6.500 metros cadrados e un volume de edificabilidade adecuado para acoller ata 30 unidades xudiciais na zona da Parda. O terreo obterase pola vía da expropiación ou avinza, polo que o Goberno municipal deberá instruír os correspondentes expedientes para a obtención e posta á disposición dos terreos, de acordo coa normativa urbanística vixente.

Neste sentido, a Xunta de Galicia, unha vez formalizada a cesión por parte do Concello, procederá á construción e dotación dun edificio para instalar as sedes xudiciais do partido xudicial de Pontevedra, cun orzamento aproximado de 15 millóns de euros. Esta previsión xa aparecía recollida no Plan de Infraestruturas Xudiciais, dentro da súa primeira fase, correspondente ao período 2010-2013.

Para garantir o cumprimento do convenio, no acordo tamén se recolle a constitución dunha comisión mixta de coordinación e seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións. Entre as funcións deste grupo estarán o seguimento do convenio e a resolución dos problemas derivados da súa execución e dos conflitos que poidan xurdir.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ CASE 200.000 EUROS NA MELLORA DE  
SERVIZOS URBANOS EN ONCE RÚAS DO CENTRO URBANO DA CAÑIZA**

- *As obras irán encamiñadas á mellora dos servizos eléctricos, da luz pública e á reposición de beirarrúas*
- *A actuación enmárcase no do Plan HURBE, aprobado o pasado 15 de abril no Consello da Xunta*
- *Beneficiará os máis de 6.500 habitantes do concello da Cañiza*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Cañiza, en Pontevedra, para a adecuación do contorno urbano. O departamento que dirixe Agustín Hernández levará a cabo un investimento de máis de 200.000 euros achegados neste mesmo ano.

As obras que se van realizar levaranse a cabo en varias rúas do concello pontevedrés, e irán encamiñadas á mellora dos servizos eléctricos, da luz pública e á reposición de beirarrúas. Concretamente, actuarase en once rúas do centro urbano da vila. A finalidade última será a mellora da calidade de vida dos habitantes da Cañiza.

**Obras que se van realizar**

Por unha parte, a mellora dos servizos eléctricos será o primeiro obxectivo. Procederase á retirada do cableado en tendido aéreo, xa que supón un serio perigo tanto para os viandantes como para os condutores, e substituirase por tendido subterráneo. Ademais, este tipo de tendido afea o aspecto das rúas do núcleo urbano, como ocorre en Otero Pedrayo, Progreso, Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Castelao, Oriente e Praza de Oriente.

A luz pública será outra das melloras necesarias para adecuar o contorno urbano ás necesidades dos habitantes do concello. Esta actuación levarase a cabo, ademais de nas rúas citadas anteriormente, nas rúas Antonio Facorro e do Amieiro, travesía do Mercado e no camiño de Augas Férreas -o cal non dispón de ningún tipo de iluminación-. Os farois elixidos para a iluminación serán os mesmos que os actuais.

Finalmente procederase á reposición das beirarrúas das rúas Rosalía de Castro, Castelao, Otero Pedrayo, Progreso e Curros Enríquez. Tamén serán acondicionados os pasos de peóns para permitir o acceso aos minusválidos. Isto completarse con novas sinalizacións que ofrezan maior seguridade aos viandantes e aos condutores.

**Obrigas da Consellería e do Concello**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio, e Infraestruturas financiará a totalidade do proxecto. O Concello da Cañiza, pola súa parte, deberá redactar o proxecto técnico das obras, obter os permisos e as licenzas necesarios para a realización das obras, así como a realización dos labores de contratación, execución e control destas. Ao remate deberá

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

entregar os xustificantes de gasto e as actas de recepción antes do 30 de novembro deste ano.

A Comisión de seguimento estará formada por cada unha das partes interesadas e terá o cometido de facer o seguimento e a interpretación deste Convenio, que se dará por finalizado o 31 de decembro de 2010.

**Plan HURBE**

Coma moitos outros asentamentos do rural galego, o concello da Cañiza precisa dunha especial atención en canto á necesidade de facilitar unhas condicións adecuadas de habitabilidade que, sen descoidar os elementos históricos e tradicionais da vila, incorporen dotacións técnicas e infraestruturas acordes cos tempos en que vivimos. Deste xeito, conséguese unha potenciación do modelo de asentamento que caracteriza a nosa comunidade e que é necesario conservar. Os máis de 6.500 habitantes do concello da Cañiza serán os beneficiarios da mellora.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou o pasado 15 de abril o Consello da Xunta da posta en marcha do programa de humanización, urbanización e equipamento de espazos públicos nos concellos galegos. O Plan **HURBE** 2010-2013 nace como resposta á necesidade de mellorar a habitabilidade das vilas de Galicia, que busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

Así mesmo, preténdese fomentar a recuperación e rehabilitación dos núcleos rurais tradicionais por constituír un interese público co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitar o despoboamento no medio rural. En definitiva, Medio Ambiente ten como obxectivo a posta en valor dun patrimonio de grande importancia para Galicia.

O Plan **HURBE** estará dotado con máis de 96 millóns de euros (96.206.980) e un horizonte temporal de execución ata o ano 2013, aínda que se recollen anualidades en 2014 para o pagamento das obras.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ CASE 400.000 EUROS NO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE LOIS, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE RIBADUMIA**

- *O proxecto de saneamento recollerá as augas residuais da parroquia para conectalas á depuradora existente*
- *O prazo de execución das obras é de catro meses*
- *Os case 1.000 habitantes de Lois serán os beneficiarios da nova rede*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do organismo Augas de Galicia, na nova rede de saneamento da parroquia de Lois, no Concello de Ribadumia. Medio Ambiente investirá case 400.000 euros neste proxecto.

O proxecto de saneamento terá por obxectivo rematar a 1º fase de canalización da parroquia, concretamente no núcleo do Casal. Primeiro procederáse á recollida das augas residuais de toda a parroquia para posteriormente levalas mediante un bombeo a un pozo da rede existente, e desde alí á depuradora situada na propia vila.

Os colectores de PVC, que recollerán as augas residuais, terán unha lonxitude de 646 metros. O bombeo, cunha potencia de 4 kwm, transportará 7,65 litros de auga por segundo, o que permitirá a chegada das augas fecais ao pozo. Este pozo estará soterrado e terá unha medida rectangular de 2,50 m x 3 metros polo que a capacidade de almacenamento ascenderá a 500 hectolitros. Os muros do pozo serán de formigón cunhas paredes de 20 centímetros de espesura. O alivio por onde verterá a auga saneada cara ao río Barela terá 42 centímetros de lonxitude e contará cunha clapeta no final para evitar a entrada de auga fluvial.

Augas de Galicia prevé levar a cabo máis saneamentos no mesmo concello, concretamente en Leiro, Barras e Os Cunchidos. Outro proxecto de gran importancia será a estación eepuradora de augas residuais de Barrantes, tamén en Ribadumia. Con estas actuacións, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas conseguirá establecer o plan de control de verteduras urbanas e así cumprir a Directiva de Augas Residuais.

Medio Ambiente comprométese a financiar a instalación, ademais da súa posta a punto da mesma. As obrigas do Concello de Ribadumia serán poñer á disposición os terreos necesarios para a execución das obras, así como as autorizacións administrativas necesarias, e levar a cabo os labores de mantemento e explotación da instalación. O prazo de execución das obras é de catro meses. A rede de saneamento beneficiará os case 1.000 habitantes da parroquia de Lois.

## O CONSELLO DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO LIÑA DE INTERCONEXIÓN DO PARQUE EÓLICO DE PUNTA MAEDA

- *O proxecto vincula o planeamento dos concellos de Mañón e Ortigueira, na provincia da Coruña, e do Vicedo e Oulol, na provincia de Lugo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe declarar o proxecto liña de interconexión do parque eólico de Punta Maeda como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que vincula o planeamento dos concellos de Mañón e Ortigueira, na provincia da Coruña, e do Vicedo e Oulol, na provincia de Lugo.

O proxecto consiste nunha liña de alta tensión composta por tres tramos, dous subterráneos e un aéreo, e por unha subestación transformadora. O primeiro tramo da liña, con inicio no centro de repartición do parque eólico de Punta Maeda e final na subestación no Rego, no concello do Vicedo, é subterráneo e cunha lonxitude de 11.261 metros que transcorre polos concellos de Mañón, Ortigueira e O Vicedo.

O segundo tramo da liña é aéreo, cunha lonxitude de 7.524 metros a través do concello do Vicedo. O terceiro tramo, que parte do último apoio do anterior e finaliza na posición de liña da subestación de Pena Ventosa, é subterráneo e ten unha lonxitude de 160 metros que transcorre polos concellos do Vicedo e Oulol.

## O CONSELLO APROBA AVAIS POR VALOR DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA APOIAR TRES EMPRESAS DOS SECTORES DAS TIC, O AUDIOVISUAL E A ALIMENTACIÓN

- *A concesión das garantías permitirá operacións de financiamento superiores aos 6 millóns de euros*
- *Tex Dixital, firma situada en Vigo, contará cun aval por importe de 1,9 millóns, en garantía parcial dun préstamo de 2,75 destinado a refinanciamento de pasivos*
- *A Consellería de Economía e Industria tamén foi autorizada para a concesión dun aval á empresa coruñesa Dygra Films por valor de 1,5 millóns para garantir un préstamo de 3 millóns de euros e substituír outro pola mesma contía*
- *Pola súa parte, Comercialización Carne Gallega (Cocarga), sociedade especializada en sacrificio, despezamento, fileteado e comercialización de produtos cárnicos, con 33 traballadores nos seus centros de traballo na Estrada e Vigo, poderá dispor dun aval 200.000 euros como garantía dun préstamo bancario de 400.000*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria para que, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), conceda avais por valor de 3,6 millóns de euros a tres empresas dos sectores TIC, audiovisual e alimentación para apoiar operacións de financiamento por valor de 6,1 millóns.

Deste xeito, o Consello deu o seu visto e praxe á concesión a Tex Dixital, firma situada en Vigo, dun aval por importe de 1,9 millóns, en garantía parcial dun préstamo 2,75 destinado a refinanciamento de pasivos. Esta empresa, que emprega 292 traballadores, realiza traballos de prospección, enxeñaría e construción de establecementos de telefonía móbil e fixa, ademais doutras redes de comunicacións e deseño de software a medida.

A Consellería de Economía e Industria tamén foi autorizada para a concesión dun novo aval á empresa coruñesa Dygra Films por valor de 1,5 millóns de euros para garantir un préstamo de 3 millóns de euros. Esta operación non supón un incremento do risco asumido polo Igape con esta empresa, dado que o aval substitúe outro da mesma contía e prorroga por dous anos o prazo do préstamo garantido. A totalidade das producións cinematográficas desta empresa desenvólvense no estudo de animación Dygra Films SL, na Coruña, onde presta actualmente os seus servizos un equipo de 52 traballadores.

Pola súa parte, Comercialización Carne Gallega (Cocarga), sociedade especializada en sacrificio, despezamento, fileteado e comercialización de produtos cárnicos, con 33 traballadores nos seus centros de traballo na Estrada e Vigo, poderá dispor dun aval de 200.000 euros como garantía dun préstamo bancario de 400.000 destinado igualmente a refinanciamento, a longo prazo, de débedas a curto prazo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A Consellería de Economía e Industria, da man do renovado Instituto Galego de Promoción Económica, concedeu durante o ano pasado avais por importe de 138 millóns de euros, un 148% máis que no ano anterior. Ao mesmo tempo, o Instituto foi quen de xerar un investimento inducido de 1.500 millóns de euros neste primeiro ano de Goberno, case un 60% máis que o acadado en 2008. Un exemplo da eficacia da xestión está nos tempos de resposta para solucionar as demandas do tecido produtivo: unha petición de axuda que entraba no Igape en 2008 tardaba unha media dun ano en ter resposta, mentres que hoxe o tempo de resposta se rebaixou nun 80%, e pasou a 53 días.

As axudas concedidas a través das distintas liñas de apoio de que dispón o Igape (apoios directos e coxestionados) medraron en 2009 nun 207,6% con respecto ao ano anterior, e pasaron de 208 a 640 millóns de euros; o incremento foi especialmente significativo (+1.145%) no capítulo dos préstamos subsidiados, pero foi igualmente importante nos capítulos de avais (+148%) e tamén no de subvencións e préstamos directos (+14,4%). As solicitudes de axuda recibidas polo Igape en 2009 ascenderon a 33.706, multiplicando por 4,3 as recibidas polo Instituto en 2008. As cifras de solicitudes resoltas durante o ano pasado multiplica por 6,4 os datos correspondentes ao ano anterior. Debido ás medidas de mellora da xestión introducidas durante o exercicio pasado, o Igape resolveu un número similar ao das solicitudes recibidas, malia que rexistrou un incremento de solicitudes dun 428%.

## A XUNTA INCREMENTA O IMPULSO Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS MEDIANTE DOUS CONVENIOS COA CEG

- *A través do Igape, a Consellería de Economía e Industria achega máis de 900.000 euros para facilitar a proxección exterior das empresas de servizos de alto valor engadido e para favorecer as iniciativas de colaboración entre empresas no ámbito internacional*
- *Mediante estas iniciativas, a Xunta procura facer fronte á baixa taxa de internacionalización empresarial existente, tanto entre as empresas de servizos coma entre o resto dos operadores económicos galegos*
- *A partida destinada a incentivar a proxección exterior das empresas é de 18 millóns de euros, un 60% máis que o ano pasado*

A Consellería de Economía e Industria destina, a través do Instituto Galego de Promoción Económica, máis de 900.000 euros a impulsar, no marco de dous convenios de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) que autorizou o Consello da Xunta, accións destinadas a favorecer a internacionalización a través de iniciativas de cooperación das empresas galegas en xeral e, especialmente, das do sector de servizos tecnolóxicos e de alto valor engadido.

En Galicia existen numerosas empresas de servizos técnicos, en xeral de pequena dimensión pero cun elevado nivel profesional, que operan fundamentalmente, ata o momento, no mercado local e nacional. Aproveitando que existe un alto grao de asociacionismo entre elas, sobre todo nos sectores da enxeñaría, a consultoría ou os servizos tecnolóxicos, así como no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), un dos convenios está orientado a facilitar o obxectivo da colaboración empresarial na procura da internacionalización. Este acordo, que será asinado entre Igape e a CEG, procurará o fomento da internacionalización dos operadores económicos galegos no ámbito da prestación de servizos.

O segundo dos convenios que autorizou o Consello da Xunta está destinado ao financiamento de accións no marco da iniciativa comunitaria Enterprise Europe Network, promovida pola Comisión Europea como punto de información, orientación e asesoramento ás empresas en materias comunitarias. Ao abeiro desta iniciativa, e co apoio da Consellería de Economía e Industria a través do Igape, a CEG achegará información e asistencia ás pemes galegas sobre asuntos europeos, actuando como mediadora entre a CE e as empresas, especialmente as pemes, para que accedan a toda a información de valor engadido sobre as políticas comunitarias de interese para as empresas. Outro dos obxectivos deste convenio entre o Igape e a CEG é o de favorecer a cooperación entre empresas no marco da súa internacionalización, utilizando, entre outras, as ferramentas que proporciona a Comisión Europea.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Impulsar a internacionalización**

Mediante estas iniciativas de cooperación entre a Administración e a Confederación de Empresarios de Galicia, a Consellería de Economía e Industria pretende impulsar a mellora da competitividade empresarial e facer fronte á baixa taxa de internacionalización existente, tanto entre as empresas de servizos coma entre o resto dos operadores económicos galegos que traballan nese campo, circunstancia que cómpre mudar de xeito inmediato, de acordo cos obxectivos estratéxicos marcados para o Igape no ámbito do seu plan de actuacións para 2010, o Plan re-Forza 2010, que establece como eixes prioritarios a mellora da competitividade e a internacionalización do tecido empresarial galego.

A Consellería de Economía e Industria considera de especial importancia favorecer a internacionalización dos operadores económicos galegos no ámbito da prestación de servizos de alto valor engadido en eidos coma enxeñaría, arquitectura, ambiente, enerxías renovables e tecnoloxías da información entre outras.

Polo nivel de cualificación e experiencia destas empresas en Galicia, e pola dispoñibilidade existente na comunidade de especialistas cualificados no ámbito técnico, considérase factible acceder ás oportunidades que se presentan nos países emerxentes, tanto na área de América Latina coma nos países do Magreb ou no leste de Europa; tamén se considera de especial interese o efecto de arrastre á internacionalización que este tipo de servizos pode ter sobre outras actividades como a construción e a fabricación de bens de equipo, entre outros; un efecto que pode ser fundamental para a mellora da competitividade e a internacionalización das empresas galegas.

**Máis fondos para a internacionalización**

A partida destinada a incentivar a proxección exterior das empresas, a través das bases de axudas do Igape para a internacionalización que acaban de publicarse, achégase aos 15 millóns de euros, cun incremento do 127% sobre o pasado ano. Entre as principais novidades das liñas de apoio neste ámbito figuran os apoios a centros de distribución compartidos por grupos de empresas e un renovado impulso ás implantacións comerciais no exterior.

A Xunta de Galicia tamén promove a internacionalización mediante o Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), que en 2009 se reactivou ao aumentar o investimento da Xunta nun 15%, e que se reforzará considerablemente en 2010 cun incremento de máis do 35% con respecto ao pasado ano, e de case un 60% en comparación co investido polo anterior executivo en 2008. Co Foexga, en 2010, a idea é reforzar a dinámica de colaboración establecida coas Cámaras de Comercio para incentivar as relacións comerciais cos mercados máis dinámicos do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**TRABALLO DESTINA 3,2 MILLÓNS A POÑER EN MARCHA ACCIÓNS  
FORMATIVAS EXPERIMENTAIS QUE BENEFICIARÁN UNS 1.950  
DESEMPREGADOS**

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo que autoriza os pagamentos anticipados nunha contía superior ao 10 por cento do importe da subvención*
- *A orde vai destinada ás universidades galegas e entidades vinculadas a ela; así como ás empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público*

A Xunta de Galicia destinará un total de 3,2 millóns de euros a poñer en marcha accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público Estatal de emprego dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregados. En total, a través deste investimento desenvolveranse ao redor de 130 accións formativas, que beneficiarán uns 1.950 alumnos.

De feito, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados en contía superior ao 10 por cento do importe da subvención no momento da súa concesión. Esta liña de axudas está cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

Os destinatarios desta orde son as universidades galegas e entidades vinculadas a ela; así como as empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público.

É preciso sinalar que as accións de formación profesional para o emprego conforman un dos elementos máis salientables no eido das políticas activas de emprego. Así, esta relevancia inclúese tamén na Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo extraordinario de Luxemburgo, e da estatal establecida no Plan Nacional de Acción para o Emprego.

## A XUNTA CREAMÁ UN CENTRO PÚBLICO DEMOSTRADOR TIC QUE PERMITIRÁ ÁS PEMES MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral de Modernización e a entidade pública empresarial Red.es por valor de 2,7 millóns de euros*
- *O centro instalarase no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG)*
- *As novas instalacións permitirán ás empresas do sector da información e a comunicación amosar ás pequenas e medianas empresas os produtos e servizos dirixidos a mellorar a súa produtividade*
- *O Centro Público Demostrador será referente e punto de encontro entre o sector TIC e as pemes*

O Xunta creará un centro público demostrador TIC nas instalacións que a Consellería de Traballo e Benestar dispón no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración que o departamento autonómico e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica asinarán coa entidade pública empresarial Red.es por valor de 2,7 millóns de euros para levar a cabo a iniciativa.

O Centro Demostrador permitiralles ás empresas interesadas do sector das tecnoloxías da información e a comunicación amosar ás pequenas e medianas empresas (pemes) os produtos e servizos dirixidos a mellorar a súa produtividade e competitividade, para desta forma poder servir de punto de encontro entre a innovación TIC e as necesidades das pemes.

A Xunta aposta decididamente polo uso de solucións tecnolóxicas nas empresas e, por iso, considera que os produtos TIC deben permitir ás empresas potenciar a súa visibilidade, elevar a súa eficacia e/ou mellorar os seus produtos gañando en produtividade e rendibilidade.

É por este motivo polo que o Goberno galego creará este centro, xa que lles facilitará tamén ás firmas reducir custos de produción; mellorar a súa competitividade e eficiencia a través da optimización da súa xestión e o seu posicionamento na rede; o uso de canles que lles permitan darse a coñecer; e, por último, mellorar a súa calidade na prestación de servizos que permita a fidelización dos seus clientes.

Ademais, a localización do centro demostrador nas instalacións do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) permitirá á Administración autonómica perfeccionar o seu papel de apoio á industria galega como escaparate de produtos e desenvolvementos de empresas da comunidade autónoma e como dinamizador na presentación e demostración de novas tecnoloxías e ferramentas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Cualificación dos traballadores**

A implantación de tecnoloxías nas Pemes, que representan máis do 90% das empresas galegas, comportará outro beneficio de especial interese para o departamento autonómico: a cualificación dos traballadores. A aplicación da tecnoloxía implica unha adecuada xestión do cambio e unha redefinición de procesos, uns apartados que camiñan da man da formación e motivación dos traballadores. Desta forma, trátase dunha formación continua para facer fronte aos constantes avances e á rapidez con que se producen, motivo que obriga a Xunta a apoiar o tránsito das empresas de Galicia cara a ese escenario.

Polo tanto, o Centro Público Demostrador será referente e punto de encontro entre o sector TIC e as pemes non pertencentes ao sector das novas tecnoloxías posibilitando, deste xeito, avanzar con paso firme na modernización e competitividade das empresas, aspectos estes que redundarán nunha maior calidade do emprego en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MARISCADORES DA CORUÑA BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DE DOUS  
CONVENIOS PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS  
MARISQUEIROS DA RÍA DO BURGO**

- *Os dous acordos asinados entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña serven para impulsar a rexeneración dos seus recursos e recollen accións formativas e de vixilancia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga de dous convenios entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores da Coruña, asinados o 14 de xullo de 2009. A súa finalidade é paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción que abranguen a totalidade dos bancos marisqueiros da ría do Burgo, pola súa catalogación como zona C.

A catalogación como zona C non permite na actualidade a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais, a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para a súa produtividade. De aí que a Xunta estea a traballar ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C.

En xullo de 2009, a Consellería do Mar acometeu un plan de actuación para a recuperación produtiva da ría coruñesa, no que se implican activamente os profesionais e o propio pósito, tanto na fase de programación e planificación, como na súa execución final.

A prórroga autorizada polo Consello da Xunta vén motivada porque as previsións a curto prazo non fan pensar nun cambio de clasificación nesta zona polo momento. Así, o primeiro dos convenios, por valor de 452.961,57 euros, céntrase na limpeza e acondicionamento do substrato para mellorar as súas condicións de cara a aumentar a produtividade e a calidade dos seus produtos.

O segundo dos plans vai encamiñado a desenvolver un plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación da ría coruñesa ao longo do segundo cuadrimestre de 2010. Este acordo, por importe de 256.151,06 euros, incide na mellora da calidade dos bancos marisqueiros do infralitoral da ría, en incrementar a súa superficie produtiva e en manter o substrato en condicións axeitadas para o desenvolvemento dos recursos marisqueiros.

Os dous acordos recollen accións formativas para os membros do pósito e buscan mellorar as capacidades profesionais dos mariscadores para acadar un sistema de autoxestión marisqueira sustentable. Así mesmo, incrementaranse os mecanismos de control de acceso aos recursos diminuindo o furtivismo e a sobreexplotación, especialmente importante tendo en conta os riscos sanitarios dunha explotación incontrolada.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O importe total dos dous convenios, 709.112,63 euros, será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, e corresponderá o 39% restante á Consellería do Mar. O seu ámbito de actuación abrangue a parte interna da ría da Coruña, delimitada pola liña imaxinaria que vai dende a punta da barra de Santa Cristina ata a rampla das Xubias, así como un pequeno banco situado por fóra da barra de Santa Cristina. Nos dous casos a vixencia estenderase ata o vindeiro 31 de agosto; mentres, a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MARISCADORES DE FERROL, MUGARDOS E BARALLOBRE BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DE TRES CONVENIOS PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS**

- *Os acordos asinados coas Confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos teñen por obxecto incrementar a capacidade produtiva dos seus bancos e mellorar as súas condicións*
- *Os tres plans contan coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe á prórroga de tres convenios asinados entre a Consellería do Mar e as Confrarías de Ferrol, Barallobre e Mugardos o 20 de xaneiro de 2010. Os tres acordos teñen por obxecto paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción que abranguen os bancos marisqueiros destas zonas catalogados como zona C.

Esta catalogación non permite na actualidade a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para á súa produtividade.

A Consellería do Mar puxo en marcha un proxecto de recuperación dos bancos marisqueiros da ría ferrolá que prevé accións encamiñadas á minoración da carga contaminante dos moluscos e á mellora das condicións para a produción dos bancos marisqueiros. Dado que as condicións sanitarias das augas non fan esperable unha mellora da situación de cara aos vindeiros meses, e mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, decidiu prorrogar os tres convenios catro meses máis.

**Marisqueo a pé**

O primeiro dos acordos asinado entre a Consellería do Mar e as confrarías de Pescadores de Ferrol e Barallobre ten por obxecto recuperar a calidade dos bancos marisqueiros e incrementar a superficie produtiva. A Consellería inviste 140.416,14 euros para a realización destas tarefas. O plan inclúe actividades de limpeza de mexillón e retirada de algas, a retirada e o transporte dos produtos resultantes da limpeza, accións de remoción e aireación do substrato e o traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación que presentan unha cota demasiado elevada cara aos bancos de maior taxa de crecemento

**Recursos desde embarcación**

O segundo dos convenios, asinado coas Confrarías de Ferrol e Barallobre vai encamiñado a desenvolver un plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación da ría de Ferrol e ten un investimento por parte da consellería de 2.015.030,42 euros. O acordo céntrase na mellora da calidade dos bancos marisqueiros do infralitoral desta ría, no incremento da superficie produtiva destes bancos, no

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

mantemento do substrato en condicións adecuadas para o desenvolvemento dos recursos marisqueiros e na potenciación da profesionalización.

**Mugardos**

O terceiro dos convenios asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Mugardos cun orzamento de 158.831,38 euros, prevé accións de reparqueo, rexeneración, limpeza e recuperación dos bancos marisqueiros ao longo do segundo cuadrimestre de 2010.

Os tres acordos contan coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola consellería. A Consellería do Mar persegue contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo, tendendo ao obxectivo da xestión autónoma e sustentable.

Nos tres casos o importe será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%; o 39% restante corresponderá á Consellería do Mar. A vixencia dos convenios prolongarase ata o 31 de agosto, con posibilidade dunha segunda prórroga.

## MARISCADORES DE MIÑO BENEFICIARÁNSE DA PRÓRROGA DUN CONVENIO PARA A REXENERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS

- *O obxectivo desta colaboración é paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción dos bancos marisqueiros catalogados como C e realizar un seguimento da contaminación microbiolóxica da zona*

Os mariscadores de Miño beneficiaríanse da prórroga do convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.

O obxectivo desta colaboración, aprobada polo Consello da Xunta, é paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción dos bancos marisqueiros catalogadas como C e realizar un seguimento da contaminación microbiolóxica da zona. É o que acontece na parte media do esteiro do río Mandeo, incluída no ámbito da explotación marisqueira da Confraría de Miño.

A catalogación como zona C non permite, desde 2007, a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais, a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para a súa produtividade.

Para atenuar os efectos da improdutividade destas zonas e mellorar as condicións de produción de moluscos de interese comercial, a Consellería do Mar puxo en marcha un proxecto de accións consistentes na limpeza e acondicionamento das zonas de produción explotadas pola Confraría de Miño. Debido a que non se prevé unha mellora das condicións microbiolóxicas dos bancos marisqueiros, e mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, decidiu prorrogar o convenio catro meses máis, ata o 31 de agosto.

A prórroga aprobada hoxe recolle accións de acondicionamento e rexeneración dos bancos, actividades de vixilancia, accións de traslado de semente de bivalvos de zonas de baixa produción a outras de mellor crecemento. Tamén inclúe a recolla e o envío de mostras de moluscos en cantidades suficientes para estudar a evolución da carga microbiolóxica dos moluscos das zonas C, baixo a coordinación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

O importe destinado a esta aplicación do convenio é de 131.333,39 euros, e é cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca un 61 %. A través deste plan, a Consellería pretende implicar o sector na mellora da xestión do marisqueo e contribuír á mellora da súa capacidade organizativa, fomentando un sistema de autoxestión marisqueira sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MARISCADORES DE PONTEDEUME BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA DUN CONVENIO PARA A REXENERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS**

- *O acordo asinado entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pontedeume ten por obxecto incrementar a capacidade produtiva dos seus bancos e mellorar as súas condicións*
- *O plan conta coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos*

Mariscadores de Pontedeume beneficiaranse da prórroga dun convenio para a rexeneración dos bancos marisqueiros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a súa sinatura entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Pontedeume para a realización do proxecto de seguimento e mellora das condicións para a cría de moluscos nos bancos marisqueiros.

O obxectivo desta colaboración é paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción dos bancos marisqueiros catalogadas como C. É o que acontece nos bancos de Zopazos, O Fabal, A Tasca, A Barra e Os Moteis, traballados pola Confraría de Pontedeume. A catalogación como zona C non permite na actualidade a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais, a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para a súa produtividade.

Para atenuar os efectos da improdutividade destas zonas e mellorar as condicións de produción de moluscos de interese comercial, a Consellería do Mar puxo en marcha un proxecto de accións consistentes na limpeza e acondicionamento das zonas de produción explotadas pola Confraría de Pontedeume. Dado que as condicións sanitarias das augas non fan esperable unha mellora da situación de cara aos vindeiros meses, e mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, decidiu prorrogar o convenio catro meses máis.

A consellería inviste 117.407,09 € para a realización destas tarefas, sendo cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca un 61 %. Entre as accións recollidas no proxecto destacan os labores para evitar enlameamento, a eliminación de substrato e limpeza de materiais prexudiciais para os bancos e nas zonas de produtividade minguada polo enlameamento.

O acordo conta coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola consellería. Deste xeito, a Consellería do Mar persegue contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo, tendendo ao obxectivo da xestión autónoma e sustentable.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MARISCADORES DA LONXA DE CAMPELO BENEFICIARANSE DA PRÓRROGA  
DUN CONVENIO PARA A RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS  
MARISQUEIROS DE PLACERES**

- *O acordo ten por obxecto mellorar a calidade do substrato nas zonas pechadas para a extracción e potenciar as condicións para o crecemento dos moluscos*

O Consello da Xunta deu luz verde á prórroga do convenio asinado entre a Consellería do Mar e as confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán o 20 de xaneiro de 2010. Este acordo ten por obxecto paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción que abranguen o banco marisqueiro de Placeres, na parte interna de Pontevedra, catalogado como zona C desde 2007.

A catalogación como zona C non permite na actualidade a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais, a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para a súa produtividade. De aí que a Xunta estea a traballar ante a UE na procura dunha moratoria para estas zonas.

A Consellería do Mar asinou con estas tres confrarías, que constitúen a AIE “Lonxa de Campelo”, un convenio para a estabilización produtiva da ría de Pontevedra co obxecto de mellorar a calidade do substrato nas zonas pechadas para a extracción e potenciar as condicións para o crecemento dos moluscos.

Este plan comprende accións de limpeza dos bancos marisqueiros, traslados de semente de bivalvos de zonas de baixa produción a outras de mellor crecemento e acondicionamento do substrato. Para a súa execución cóntase coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola consellería.

A Consellería do Mar persegue, a través deste plan, contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar ao sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo autónomo e sustentable.

A vixencia deste convenio estenderase ata o 31 de agosto, con posibilidade de prórroga. O importe do convenio é de 290.752 euros, será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61 % e corresponderá o 39% restante á Consellería do Mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA DESTINA MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS Á PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN MARIÑA E Á INSPECCIÓN PESQUEIRA DE GARDACOSTAS**

- *O Consello da Xunta autorizou a segunda prórroga do contrato para a xestión das actuacións realizadas a través de medios marítimos*
- *A Consellería do Mar prorrogou este contrato axilizando a eficacia dos servizos ante calquera emerxencia da costa galega*

A Xunta destinará por período dun ano máis de 6 millóns de euros ao mantemento das embarcacións de Gardacostas. Faino a través da segunda prórroga do contrato entre o servizo de Gardacostas e Remolcanosa para a xestión das actuacións realizadas a través de medios marítimos, que hoxe foi aprobada polo Consello da Xunta. A Consellería do Mar tramitou a prórroga deste contrato axilizando a eficacia dos servizos ante calquera emerxencia da costa galega.

O servizo obxecto da prórroga inclúe actuacións de salvamento marítimo, prevención da contaminación mariña e de inspección pesqueira contra o furtivismo. A súa renovación está prevista para un ano desde o 3 de maio de 2010 ata a mesma data de 2011. Para esta actuación a Consellería do Mar destina un importe de 6.097.713,78 euros.

A prórroga posibilita o mantemento de tripulación permanente nos buques de salvamento e apoio do servizo de Gardacostas e inclúe consideracións sobre a organización do servizo non recollidas anteriormente no contrato. Estes matices contribúen a unha organización máis eficaz do servizo e a unha mellora na atención aos profesionais do sector.

Unha das consideracións engadidas é a adaptación dos equipos de mergullo de Gardacostas á normativa vixente en materia de mergullo profesional e outra a adecuación dos medios de Gardacostas para ofrecer unha atención máis áxil e adaptada ás circunstancias.

Para o desenvolvemento das súas tarefas, o Servizo de Gardacostas conta co remolcador de salvamento Sebastián de Ocampo; o buque de salvamento e apoio Irmáns García Nodal, o buque polivalente Valentín Paz Andrade, a patrulleira Paio Gómez Chariño, e tamén ten á súa disposición o buque polivalente Ría de Vigo.

## A XUNTA PRIORIZA O COÑECEMENTO, A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E A SUSTENTABILIDADE PARA IMPULSAR UN NOVO MODELO DE CRECEMENTO

- *O Plan Estratéxico 2010-2014-Galicia 2020 inclúe máis de 46.000 millóns de euros e 100 medidas*
- *O Goberno galego aposta por un liderado corresponsable e por novos modelos de xestión para xerar máis recursos nun momento de restricións financeiras*
- *A Xunta aproba un documento de planificación para crear emprego e aumentar a cohesión económica, social e territorial, que incorpora a estratexia da UE*
- *Parte da concepción de Galicia como cidade única coa finalidade de facer desta comunidade un lugar para vivir, para traballar e para investir*
- *Realiza análises DAFO e identifica os sectores básicos, estratéxicos e de futuro*
- *O Executivo autonómico levará o plan ao Parlamento e ás mesas de diálogo social para enriquecelo e incorporará os acordos ao documento*
- *Haberá un sistema de seguimento estratéxico e avaliación continua*

A Xunta de Galicia priorizará as súas actuacións e compromisos de gasto cara á economía do coñecemento, á dinamización económica e a sustentabilidade como eixes centrais dun novo modelo de crecemento que permita afrontar con éxito os retos da comunidade durante a segunda década do século XXI.

O Plan Estratéxico 2010-2014-Galicia 2020 inclúe un total de 46.664 millóns de euros e máis de 100 medidas para acadar un novo modelo de crecemento sustentable, que permita crear emprego e aumente a cohesión social, económica e territorial da comunidade autónoma.

O Consello da Xunta aprobou hoxe este instrumento de planificación, cunha estratexia de crecemento cara ao ano 2020 e que conta con cinco eixes de actuación. O referido á Cohesión social, benestar e calidade de vida será o que máis recursos disporá, con 28.689 millóns de euros, mentres que o de Dinamización económica, crecemento e emprego terá 7.898 millóns de euros.

Para a Economía do Coñecemento están previstos 1.443 millóns de euros ata o ano 2014; para Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial, 6.611 millóns de euros; e para unha Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán resérvanse un total de 2.023 millóns de euros.

Sen embargo, a priorización levará a que os recursos dedicados á Economía do Coñecemento se incrementen un 37% nos próximos catro anos, a Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial un 21% e a Dinamización Económica e o Emprego case un 20%, mentres que a media de aumento neste período será dun 10,1%.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Liderado corresponsable**

A estratexia da Xunta é ter un liderado corresponsable cun novo modelo de xestión e de gobernanza no que achega conectividade, accesibilidade, servizos públicos eficientes e próximos, estratexia territorial e apoio financeiro, e todo isto en colaboración e coa participación do resto de administracións, empresas e clústers, centros tecnolóxicos, universidades e axentes sociais. O obxectivo final é substituír a lóxica dos recursos pola lóxica dos resultados para estar en disposición de captar máis recursos nun momento de restricións financeiras.

O principal reto que asume este documento é o demográfico, que se concreta en altos índices de avellentamento e despoboamento. A este súmanse a súa situación periférica, o cambio climático e a enerxía, a globalización e a competitividade e o contorno financeiro adverso. Como principais obxectivos establece mellorar a calidade de vida, a empregabilidade, gañar en competitividade, o crecemento sustentable, a estabilidade fiscal e a atracción de capital, co impulso de factores de competitividade que poidan reverter a actual situación de diverxencia demográfica.

O texto realiza unha análise DAFO dos diferentes sectores e cita como básicos para a economía galega a agricultura, a pesca e acuicultura, o agroalimentario, o forestal e a construción mentres que considera estratéxicos a automoción, a enerxía, a construción naval, o téxtil, a madeira, o turismo e a pedra e rochas ornamentais. Como factores de competitividade identifícanse as infraestruturas, a I+D+i, as TIC, o capital humano, o desenvolvemento humano e benestar, a internacionalización e unha Administración Pública moderna.

O documento recolle dúas fases diferenciadas, o período 2010-2014 e o horizonte 2020, cun obxectivo que é sentar as bases nun primeiro paso para que dentro de catro anos poida estar en marcha o novo modelo de crecemento apoiado sobre a identificación de sectores de futuro e o reforzo dos factores de competitividade.

**Galicia, un lugar para vivir, para traballar e para investir**

O Plan Estratéxico parte da concepción unitaria do territorio, de Galicia como cidade única, coa finalidade de facer desta comunidade un lugar para vivir, para traballar e para investir.

Para conseguir estes obxectivos identifica varios sectores estratéxicos de futuro, como son a Economía da saúde (con servizos á terceira idade e á dependencia), a Economía do coñecemento (con prioridades como as TIC, o audiovisual e a cultura, a biotecnoloxía e as tecnoloxías mecánicas e de robotización) e a Economía verde (na que se enmarcan iniciativas como o vehículo eléctrico, as enerxías renovables e a preservación ambiental).

Entre as prioridades e obxectivos están que o PIB per cápita pase do actual 90% da media da UE-27 ao 95% en 2014 e ao 100% en 2020; reducir a taxa do fracaso

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

escolar do 26% ata menos do 20% en catro anos e menor do 10% ao final da década; así como que a porcentaxe de poboación entre 30 e 34 anos con titulación de ensino superior se incrementa progresivamente desde o 41% a máis do 45% en 2014 e máis do 50% en 2020.

Igualmente, márcase como aspiración que o emprego das TIC en fogares e empresas suba do 42,3% actual ata superar o 55% en catro anos e o 75% en 2020 e que o investimento público privado en I+D+i pase do 1% do PIB a máis do 1,5% en 2014 e máis do 3% ao rematar este decenio. En sustentabilidade, o reto é que o consumo de electricidade procedente de fontes renovables sexa do 70% en 2014 e do 80% en 2020, fronte ao actual 61,3%; así como que a produción de enerxías renovables sobre o consumo total en Galicia pase de representar o 13,8% actual ao 20% dentro de catro anos e o 30% ao finalizar a década.

**Crecedemento intelixente, sustentable e integrador**

Esta plan asume os principios orientadores da estratexia económica da Unión Europea cara a un crecedemento económico sostido por tres prioridades. A primeira é un crecedemento intelixente, avanzando nun modelo económico de desenvolvemento baseado no coñecemento e na innovación.

A segunda é un crecedemento sustentable, reforzando o progreso dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, máis verde e competitiva; mentres que a terceira persegue un crecedemento integrador, que permita un sistema socioeconómico cohesionado social e territorialmente.

Os cinco grandes eixes contan con 16 obxectivos intermedios. Así, no referido á Cohesión social, benestar e calidade de vida, as prioridades son a revitalización demográfica, garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade, así como un acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dunha Galicia formada, innovadora e trilingüe.

Ademais, aposta por promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social, así como impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais.

No eixe de Dinamización económica, crecedemento e emprego, búscase facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e seguridade viaria. Tamén se prevé modernizar o tecido produtivo fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a apertura da economía.

Outras prioridades serán potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial, así como

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

acadar emprego de calidade e a cualificación dos traballadores, mellorando as condicións de empregabilidade mediante o fomento de políticas activas e preventivas no mercado laboral. Respecto á Economía do coñecemento, a estratexia vai cara a construción dunha sociedade competitiva baseándose na investigación e no desenvolvemento empresarial como garantía de coñecemento e a modernizar e promover a aplicación e o emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos.

Para o eixe Sustentabilidade ambiental e Equilibrio territorial os obxectivos prioritarios son converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e a mellora da calidade de Vida, un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando Galicia como cidade única e a eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

En canto á Administración austera, eficiente e próxima ao Cidadán, o reto é acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación, así como o reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.

**Reformular o papel da Administración**

Os retos emerxentes e a crise económica, xunto coas limitacións orzamentarias dos vindeiros anos, obrigan a reformularse as actuacións e o propio papel económico das administracións públicas. O Executivo autonómico entende que é o momento de retomar os principios e avanzar na conformación dun modelo de desenvolvemento sustentable e baseado na innovación como garante de competitividade económica e progreso social.

Trátase dun modelo aberto, de cohesión, coa mirada posta na Europa do Ano 2020, que se vaia transmitindo ás estratexias e aos obxectivos e concretando nas decisións de gasto do Goberno galego. Por iso, a Xunta cumprirá o seu compromiso e someterá este documento ao Parlamento e ás mesas do Diálogo Social para que se poida enriquecer e os acordos a que se chegue serán incorporados ao texto.

Ademais, disporá dun sistema de seguimento estratéxico e avaliación continua. Así, todos os pasos que seguirán serán medidos a través de indicadores e avaliados cada ano, coa fixación de prioridades, adaptación a un escenario financeiro adverso, cumprimento dos pactos de estabilidade, austeridade orzamentaria e eficacia da Administración coa elaboración dos orzamentos por obxectivos.



## A XUNTA AMPLÍA A PRÓRROGA DA SUSPENSIÓN DOS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS NOS 500 METROS DE COSTA, MENTRES NON SE APROBE INICIALMENTE O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

- *A decisión de ampliación desta orde vén motivada polo acordo de ampliar pola súa vez o prazo inicial de audiencia aos concellos de dous a tres meses para a emisión do informe de referencia, en resposta a unha petición formulada polas administracións locais a través da FEGAMP*
- *A prórroga permitirá analizar con rigor as achegas dos concellos para mellorar o documento inicial*
- *O departamento dirixido por Agustín Hernández pretende instaurar un modelo de crecemento urbano equilibrado e sustentable e evitar unha radical transformación do territorio e a paisaxe litoral*

O Consello da Xunta de hoxe foi informado da decisión de ampliar a orde pola que se prorroga a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos nos 500 metros de costa do territorio galego. Trátase dunha medida cautelar, ata a aprobación inicial do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. A paralización vixente –adoptada polo actual Goberno en maio de 2009 fundamentándose na Lei 6/2007 de 11 de maio de ordenación do litoral de Galicia– establecía un prazo de suspensión que remata o vindeiro 17 de maio de 2010.

A decisión de ampliación desta orde vén motivada polo acordo de ampliar pola súa vez, o prazo inicial de audiencia aos concellos de dous a tres meses para a emisión do informe de referencia, en resposta a unha petición formulada polas administracións locais a través da FEGAMP. Así, o período de consultas dos concellos ao Plan de Ordenación do Litoral, que en principio remataba o 10 de abril, prolongouse outros 30 días.

A prórroga, que permitirá analizar con rigor as achegas dos concellos para mellorar o documento inicial do POL, é unha medida cautelar co fin de preservar calquera actividade de transformación da súa realidade física e permitir unha maior e mellor participación dos concellos do ámbito do litoral.

Con esta ampliación mantense a suspensión da tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados na franxa dos 500 metros.

Cómpre recordar que esta suspensión será de aplicación en todos os municipios costeiros, nos terreos clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico. Tamén será aplicable aos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes, nos terreos clasificados como solo urbano non consolidado.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Instrumento de ordenación territorial**

O Plan do Litoral é un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto establecer os principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseado en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras. Aspira, en definitiva, ao establecemento do marco básico de referencia para a eficaz integración das políticas territoriais e actuacións urbanísticas do noso litoral, garantindo a conservación e protección dos seus ecosistemas.

Tamén dá cumprimento á obrigatoriedade de que os poderes públicos velen para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, e integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico.

A Xunta de Galicia busca, a través deste plan unha óptima coordinación das actuacións territoriais e urbanísticas entre as administracións que operan sobre o litoral e o seu contorno terrestre. Para iso é imprescindible a colaboración dos concellos sitos no ámbito de análise.

**Traballo de audiencia**

Desde o envío dunha enquisa a todos os concellos, co fin de coñecer a súa problemática, ata o 23 de abril de 2010, recibíronse en audiencia os equipos técnicos e alcaldes de 74 dos 84 concellos que están no ámbito do Plan do Litoral, co obxectivo de explicar e resolver as dúbidas e recibir as achegas correspondentes.

Así mesmo, e en relación coas estatísticas de consulta a través da web do Plan de Ordenación do Litoral, a media de volume de descarga diaria relacionada co POL situouse nos 10,28 GB. Desde o 1 de marzo ata o 27 de abril rexistráronse máis de un millóns de accesos (1.342.627 accesos), polo que os accesos diarios recollidos neste período se eleva a máis de 23.000.

**Transparencia e información**

Coa finalidade de garantir a transparencia, eficacia e a eficiencia na xestión pública leváronse a cabo reunións explicativas e técnicas de traballo dentro da mesa do Diálogo Social, co Colexio de Arquitectos de Galicia (Xunta de Goberno e Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo), coa Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo do Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos, nas delegacións do Colexio de Arquitectos de Lugo, Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo (reunións ás cales asistiron os arquitectos e apareladores e equipos técnicos de planeamento dos concellos), coa Escola Técnica Superior de Arquitectura de Galicia e con diversas asociacións empresariais e colectivos de ecoloxistas.

## A XUNTA DE GALICIA COMPROMETEU SÓ NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2009 UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 28 MILLÓNS DE EUROS COAS UNIVERSIDADES GALEGAS ATA 2012

- *As distintas consellerías asinaron convenios para impulsar a actividade do Sistema Universitario de Galicia*

As distintas consellerías da Xunta de Galicia, no segundo semestre de 2009, comprometeron uns investimentos de preto de 28 millóns de euros ata 2012 coas universidades galegas, co fin de seguir colaborando ao seu desenvolvemento. Ademais, durante os últimos seis meses do ano pasado, o Sistema Universitario de Galicia recibiu achegas directas a través de distintos convenios asinados cos departamentos da Xunta de Galicia.

Segundo un informe elaborado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, só no segundo semestre de 2009 a Xunta de Galicia comprometeu –fóra do Plan de Financiamento- achegas a través de 83 convenios, destinados a proxectos de investigación, subvencións á formación de alumnos universitarios, realización de traballos técnicos, colaboración en programas, e á realización cursos, másters e congresos impartidos polas universidades galegas.

Con estas achegas, a Xunta de Galicia continúa a impulsar o desenvolvemento do Sistema Universitario de Galicia (SUG), mediante investimentos que contribúan a incrementar a excelencia e calidade do ensino superior galego.

Para este fin, a Consellería de Educación vén planificando desde 1990 os investimentos no SUG. Unha acción que comezou co primeiro Plan de Financiamento para o período 1990-1996, e que está a piques de dar un novo paso adiante co proceso de elaboración do próximo Plan de Financiamento 2011-2015, no que nestes momentos está a traballar a consellería para acadar o máximo consenso posible cos demais axentes implicados.

## **SANIDADE CREARÁ UN PORTAL ELECTRÓNICO PARA FACILITAR A SOLICITUDE DA TARXETA SANITARIA AOS GALEGOS RESIDENTES NO ESTRANXEIRO**

- *Esta tarxeta permite que os galegos que residan no estranxeiro, durante a súa estadía temporal en Galicia, poidan acceder a determinadas prestacións sanitarias*

A Consellería de Sanidade informou esta mañá en Consello da Xunta do portal electrónico de xestión de solicitudes da tarxeta sanitaria *Galicia Saúde Exterior*. Trátase dunha plataforma electrónica para facilitar o trámite de solicitude da devandita tarxeta aos interesados que acrediten ese dereito.

A tarxeta sanitaria *Galicia Saúde Exterior*, en virtude da modificación do Decreto 177/1995 polo que se regula a tarxeta sanitaria para facilitar aos galegos e galegas de orixe ou descendencia que teñan a súa residencia no estranxeiro, dá acceso á provisión de determinados servizos sanitarios a este colectivo durante a súa estadía temporal en Galicia.

A orde de desenvolvemento, do 18 de decembro de 2009, establece todos os procedementos para a expedición da tarxeta (documentación que deberá presentar o interesado, solicitude, validación ou entrega do documento). Coa creación deste portal ponse á disposición dos cidadáns unha forma áxil e sinxela de realizar a solicitude desta tarxeta e posibilita a súa tramitación previa desde o país de orixe para os galegos residentes no exterior.

### **Procedemento para a tramitación previa**

O usuario tramitador deberá rexistrar o seu usuario e contrasinal, e utilizar o seu certificado dixital. Deben completar tres pasos: o primeiro deles será o de rexistrar a información do solicitante (datos xerais e período de estadía en Galicia).

O segundo paso é xuntar documentación (logo de escaneamento) como o DNI ou pasaporte, certificado de residencia de españois residentes no estranxeiro, ou certificado de inscrición no censo de electores residentes. Finalmente, o usuario deberá imprimir o xustificante de estado da solicitude para validalo.

Fóra da plataforma electrónica, o usuario tamén deberá de forma paralela, solicitar o número de asignación da Seguridade Social á oficina do INSS que corresponda en Galicia (este trámite tamén pode se pode realizar a través da páxina web da Seguridade Social).

Unha vez que chegue a Galicia, o interesado deberá dirixirse á Xerencia de Atención Primaria que corresponda por razón do enderezo galego que comunicou na solicitude, e recoller a tarxeta que garanta as prestacións sanitarias acordadas durante a súa estadía.

## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ PRETO DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA REFORMAR A ÁREA CIRÚRXICA DO PRIMEIRO ANDAR DO HOSPITAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

O Complexo Hospitalario de Pontevedra acometerá, desde a vindeira semana, a reforma integral de tres quirófanos do Hospital Provincial. Trátase dunhas obras de mellora imprescindibles, previstas nos obxectivos e o plan de investimentos do complexo para o ano 2010, que é necesario acometer de forma inmediata.

Sanidade, logo de informar o Consello da Xunta, aprobou a vía de urxencia para a realización destas obras, permitindo así a súa inmediata execución. Xa no ano 2008 existían informes de seguridade que demandaban a necesidade de abordar a reforma destes quirófanos, e que non foi realizada polo anterior Goberno.

A reforma afecta tres quirófanos situados no primeiro andar do Hospital Provincial e dedicados, fundamentalmente, a intervencións cirúrxicas de oftalmoloxía. A realización destas obras de mellora non afectará a actividade asistencial, xa que as intervencións de Oftalmoloxía programadas durante o período de reforma se trasladarán ao Hospital Montecelo, onde se realizarán como actividade ordinaria en xornada de tarde, contando coa colaboración dos profesionais do servizo.

As obras consistirán nunha reforma integral dos quirófanos, destinada a mellorar a seguridade dos pacientes e as condicións de traballo na área cirúrxica.

## CULTURA E TURISMO PRESENTA O INFORME SOBRE A OCUPACIÓN HOTELEIRA NO MES DE MARZO QUE REXISTRA UN INCREMENTO DO 14% RESPECTO AO MESMO PERÍODO DE 2009

- *En comparación cos datos do último Ano Santo, a cifra de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros en marzo de 2010 é un 9,6% superior á rexistrada en 2004*
- *A cifra de pernoitas en establecementos hoteleiros en 2010 supera nun 10,58% á rexistrada en 2009 e supera nun 11,6% á rexistrada en 2004*
- *Por provincias destaca Lugo, onde o número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros en marzo de 2010 é un 29,27% superior á rexistrada en marzo de 2009*
- *Compostela rexistrou en marzo as mellores cifras de conxuntura do sector hoteleiro de Galicia. Santiago acada tamén a maior cifra de ocupación dos destinos urbanos de Galicia, que supón un aumento de máis de sete puntos porcentuais respecto ao mesmo período do ano anterior*

A Consellería de Cultura e Turismo informou ao consello da Xunta de Galicia sobre os resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do Instituto Nacional de Estatística para Galicia correspondentes ao mes de marzo de 2010. Neste balance amósanse as primeiras valoracións de datos provisionais, á espera de que nos vindeiros meses se publiquen os definitivos cun maior nivel de desagregación.

Dos resultados do informe resólvese que a cifra de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros da comunidade medrou un 14% a respecto do mesmo mes de 2009. Se se ten en conta o acumulado do ano 2010, a cifra de viaxeiros supera nun 4% a rexistrada no primeiro trimestre do ano pasado. Tomando como referencia os datos de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros no mes de marzo do último Ano Santo, a cifra de viaxeiros aloxados en hoteis en 2010 supera nun 9,6% a rexistrada en 2004.

No tocante ás pernoitas en establecementos hoteleiros rexistradas durante este mes de marzo a cifra supera nun 10,58% as rexistradas o ano pasado. Se se comparan as pernoitas de marzo deste ano coas rexistradas en marzo do Ano Santo 2004 a porcentaxe de marzo de 2010 supera nun 11,6% a rexistrada en 2004. Tendo en conta a taxa de variación interanual das pernoitas entre marzo de 2008 e marzo de 2009, neste último ano, a cifra de pernoitas en establecementos hoteleiros caera un 27% a respecto de marzo de 2008. A porcentaxe acadada en marzo de 2010 en relación a marzo do ano pasado é incluso superior á media do territorio nacional, que foi do 7,53% fronte ao 10,58% rexistrada en Galicia.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A variación interanual na cifra de viaxeiros en Galicia foi 6,5 puntos porcentuais superior á rexistrada no conxunto de España, e a cifra de pernoitas en comparación con marzo de 2009 superou en Galicia en 3 puntos porcentuais a rexistrada no resto do Estado.

Os prezos hoteleiros experimentaron neste mes de marzo unha suba do 0,8% invertendo a tendencia descendente que se rexistraba desde setembro de 2008. Doutra parte, o ingreso por cuarto dispoñible subiu no conxunto da oferta hoteleira en Galicia un 9,3% respecto do mesmo mes de 2009, un incremento tres veces superior ao rexistrado no conxunto do Estado.

O 87,69% dos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros galegos son de procedencia nacional, mentres que a porcentaxe restante corresponde ao mercado internacional. Ambos experimentaron incrementos interanuais positivos, maior no caso dos españois –cunha suba do 15,2%– en relación cos estranxeiros –que medraron un 5,9%–.

Estes datos consolidan a recuperación do sector turístico no acumulado do primeiro trimestre de 2010, e rexistra tamén datos positivos na cifra de pernoitas. As pernoitas rexistradas nos establecementos hoteleiros de xaneiro a marzo de 2010 superan nun 2,15% as rexistradas no mesmo período de 2009.

Nas análises que se realicen a nivel comparativo con outros períodos temporais, e concretamente co mes de marzo de 2004 e 2009, hai que ter en conta a celebración da Semana Santa, que neste ano 2010 coincidiu en parte no mes de marzo (concretamente ata o mércores 31) e tanto en 2004 como en 2009 coincidiu plenamente en abril. As festividades de marzo deste ano non se corresponden, por tanto, coas de marzo de anos pasados.

**Incremento por provincias**

O incremento da demanda hoteleira ten o seu reflexo en cada unha das provincias da Comunidade. Obsérvanse en todas, en maior ou menor medida, crecementos no volume de viaxeiros e pernoitas en establecementos hoteleiros en relación co pasado ano, así como mellores cifras de ocupación no sector. Se se teñen en conta as cifras de viaxeiros e de pernoitas, a maior suba corresponde á provincia de Lugo, onde a cifra de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros medrou case o 30% e as pernoitas un 20% en relación con marzo de 2009. Ourense e Pontevedra rexistraron un crecemento máis suave.

En todas as provincias predomina o segmento nacional sobre o estranxeiro, en porcentaxes que acadan o 85% na Coruña e Pontevedra e o 92% en Lugo e Ourense. En termos xerais, ambos os mercados amosaron un comportamento positivo neste mes de marzo, destacando esencialmente o crecemento do mercado nacional nas provincias da Coruña e Lugo e do mercado estranxeiro en Lugo e Ourense.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

En canto ás cifras de ocupación por prazas, os niveis máis elevados corresponden neste caso ás provincias da Coruña e Pontevedra, malia que en todas se superan os valores rexistrados no mesmo período de 2009. A maior suba nas cifras de ocupación corresponde ás provincias do norte, Lugo e A Coruña, con case tres puntos porcentuais de diferenza no primeiro caso e algo máis de dous puntos no segundo caso.

**Santiago, centro neurálxico**

Santiago de Compostela rexistrou no pasado mes de marzo as mellores cifras de conxuntura do sector hoteleiro de Galicia, tanto en termos absolutos como relativos. A importancia deste factor reside non tanto no maior volume de viaxeiros e pernoitas que rexistra en relación co resto dos destinos urbanos da Comunidade -18% dos viaxeiros e das pernoitas de Galicia- senón no mellor comportamento que amosa en relación co ano anterior. Incrementouse nun 45,1% a cifra de viaxeiros e nun 28,5% a de pernoitas.

O crecemento de Santiago apóiase tanto no segmento nacional como internacional, ben que as subidas do primeiro -35% nas pernoitas- superan as do segundo -5% tamén nas pernoitas-. O comportamento positivo da cidade de Santiago refórzase en relación co 2004. En particular, respecto de marzo dese ano, a capital de Galicia rexistra un incremento do 14,1% na cifra de viaxeiros e do 5,2% nas pernoitas, mellorando os resultados do último Ano Santo.